

ACCIDENTES PRODUCIDOS POLA ELECTRICIDADE

Principais riscos da actividade

O principal risco dos traballos en tensión é o **contacto directo** con partes da instalación habitualmente en tensión e estes traballos deberán ser realizados por traballadores cualificados, seguindo un procedemento previamente estudado e, cando a súa complexidade ou novidade o requira, ensaiado sen tensión, que se axuste aos requisitos indicados no Real decreto 614/2001 e na Guía técnica para a avaliación e prevención do risco eléctrico.

O método de traballo empregado e os equipos e materiais utilizados deberán asegurar a protección do traballador fronte ao **risco eléctrico** e garantir, en particular, que o traballador non poida contactar accidentalmente con calquera outro elemento con potencial distinto ao seu.

Medidas preventivas

Os equipos e os materiais para realizar traballos en tensión elixíranse, de entre os concibidos para tal fin, tendo en conta as características do traballo e dos traballadores e, en particular, a tensión de servizo e utilizaranse, manteranse e revisaranse seguindo as instrucións do seu fabricante. En calquera caso, os equipos e os materiais para realizar traballos en tensión axustaranse á normativa específica que lles sexa de aplicación. Entre os equipos e os materiais citados atópanse:

- a) Os accesorios illantes (pantallas, cubertas, vainas etc.) para recubrir as partes activas ou as masas.
- b) Os útiles illantes ou illados (ferramentas, pinzas, puntas de proba etc.).
- c) As pértegas illantes.
- d) Os dispositivos illantes ou illados (banquetas, alfombras, plataformas de traballo etc.).
- e) Os equipos de protección individual fronte a riscos eléctricos (luvas, lentes, cascos etc.).

Os traballadores deberán dispoñer dun apoio sólido e estable, que lles permita ter as mans libres, e dunha iluminación que lles permita realizar o seu traballo en condicións de visibilidade adecuadas. Os traballadores non levarán obxectos condutores, tales como pulseiras, reloxos, cadeas ou peches de cremalleira metálicos que poidan contactar accidentalmente con elementos en tensión

A zona de traballo deberase sinalizar e/ou delimitar adecuadamente, sempre que exista a posibilidade de que outros traballadores ou persoas alleas penetren na dita zona e accedan a elementos en tensión.

As medidas preventivas para realizar traballos ao aire libre deberán ter en conta as posibles condicións ambientais desfavorables, de forma que o traballador quede protexido en todo momento; os traballos prohibíranse ou suspenderanse en caso de tormenta, choiva ou vento fortes, nevadas, ou calquera outra condición ambiental desfavorable que dificulte a visibilidade ou a manipulación das ferramentas. Os traballos en instalacións interiores directamente conectadas a liñas aéreas eléctricas deberanse interromper en caso de tormenta.

Os traballos en lugares onde a comunicación sexa difícil, pola súa orografía, confinamento ou outras circunstancias, deberanse realizar estando presentes, polo menos, dous traballadores con formación en materia de primeiros auxilios.

O persoal asignado ás funcións deberá dispoñer de formación específica para o seu desenvolvemento.